

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE INFRAESTRUTURAS, EQUIPAMENTOS PÚBLICOS E MOBILIDADE DO 22 DE MAIO DE 2026

PRESIDENTE: D^a. BELÉN CACHAFEIRO ANTA

VOGAIS:

D. RAFAEL DOMÍNGUEZ ARTIME
D. ROBERTO JOSÉ ÁLVAREZ CARRERO (en substitución de D^a. María Luisa Sánchez Méndez)
D. JORGE CUBELA LÓPEZ
D. RICARDO MARTÍNEZ CHANTADA
D^a. MARÍA PILAR RAMALLO VÁZQUEZ
D. MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO
D. JESÚS VÁZQUEZ ALMUIÑA
D. JUAN PABLO CASTILLO AMIGO
D. PACO FERREIRA GONZÁLEZ
D^a. NURIA RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ
D^a. DIGNA ROSA RIVAS GÓMEZ
D GREGORIO LUIS AGÍS GÓMEZ
D. GORKA GÓMEZ DÍAZ
D. JAVIER IGLESIAS MOUGÁN
D. XOSÉ CESÁREO MOSQUERA LORENZO
D^a. MARÍA MANUELA RODRÍGUEZ PUMAR

Sendo as doce e corenta minutos do día 22 de abril de 2026, reúnese a Comisión Informativa de Infraestruturas, Equipamentos Públicos e Mobilidade.

Preside a sesión D^a. Belén Cachafeiro Anta, e asisten as deputadas/os que se relacionan á marxe.

Actúa como secretario, por delegación do secretario xeral, Andrés C. Fernández Lucas, técnico de xestión do servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.

Aberta a sesión pola Presidencia, adoptáronse os seguintes acordos:

1.- Aprobación da acta da sesión anterior (17 de abril de 2026).

A Comisión acorda por unanimidade aprobar a acta da sesión do 17 de abril de 2026.

2.- Proposta de aprobación inicial do proxecto construtivo “Mellora da mobilidade peonil na EP 5201 Arbo - Cabeiras - Barcela, do PQ. 0+000 ao PQ. 0+200 (Concello de Arbo)”. Exposición pública do proxecto e do expediente de expropiación. Declaración de utilidade pública da obra. Declaración e urxente ocupación e motivación da urxencia. (Expediente 2026023792).

A Comisión ditamina favorablemente, por unanimidade, a aprobación inicial do proxecto construtivo “Mellora da mobilidade peonil na EP 5201 Arbo - Cabeiras - Barcela, do PQ. 0+000 ao PQ. 0+200 (Concello de Arbo)”; a exposición pública do proxecto e do expediente de expropiación, a declaración de utilidade pública da obra, a declaración e urxente ocupación e motivación da urxencia.



3 Propostas de resolución dos recursos de reposición interpostos fronte á aprobación definitiva do proxecto construtivo “Mellora da seguranza viaria e senda peonil na EP 0601 Portosanto – Campelo – PO-308, dende o PQ. 2+410 ata o PQ. 3+510 (Concello de Poio)” (Expediente 2025045388).

A Comisión ditamina favorablemente, con 9 votos a favor do Grupo Provincial do PP e as abstencións do Grupo Provincial do PSOE e do Grupo Provincial do BNG, a proposta de resolución dos recursos de reposición interpostos fronte á aprobación definitiva do proxecto construtivo “Mellora da seguranza viaria e senda peonil na EP 0601 Portosanto – Campelo – PO-308, dende o PQ. 2+410 ata o PQ. 3+510 (Concello de Poio)”

4.- Moción do Grupo Provincial Socialista para instar á Deputación á mellora da seguridade viaria e da accesibilidade na estrada provincial EP-7206 ao seu paso pola carballeira de San Marcos, na parroquia de Pardesoa (Forcarei) (Expediente 2026041148)

A Comisión ditamina desfavorablemente, con 6 votos a favor do Grupo Provincial do PSOE, 9 votos en contra do Grupo Provincial do PP e a abstención do Grupo Provincial do BNG, a moción do Grupo Provincial Socialista para insta á Deputación á mellora da seguridade viaria e da accesibilidade na estrada provincial EP-7206 ao seu paso pola carballeira de San Marcos, na parroquia de Pardesoa (Forcarei).

5.- Moción do Grupo Provincial Socialista para a posta en marcha dun plan provincial de cunetas de seguridade nas estradas da Deputación de Pontevedra (Expediente 2026041149)

A Comisión ditamina desfavorablemente, con 6 votos a favor do Grupo Provincial do PSOE, 9 votos en contra do Grupo Provincial do PP e a abstención do Grupo Provincial do BNG, a moción do Grupo Provincial Socialista para a posta en marcha dun plan provincial de cunetas de seguridade nas estradas da Deputación de Pontevedra.

6.-Rogos e preguntas.

Non se formulan.

E non habendo máis asuntos que tratar a presidenta levanta a sesión sendo as doce e corenta e cinco minutos do que eu, secretario, dou fe.

Documento datado e asinado dixitalmente.

